

## SON... E GÚSTAME...

TEMPORALIZACIÓN: 4 sesións de clase

## ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

**0** SON... E GÚSTAME...**Obxectivo:** Introducir ó alumnado na identificación de elementos e patróns de conducta en función do sexo.**Descrición:** Actividade inicial individual de autoanálise e posta en común que servirá de contraste das propias percepcións e opinións.**Orientacións:** Introdución ó alumnado no tema do monográfico a partir do contexto máis próximo. Observarase se o alumnado establece identificación entre o xénero e determinados obxectos ou patróns de conducta. O grupo permitirá contrastar as percepcións do alumnado, así como o nivel de coincidencia ou diverxencia das asociacións.**1** CÓNTAME UN CONTO**Obxectivo:** Reflexionar sobre os estereotipos que transmiten os contos tradicionais.**Descrición:** Lectura individual para formular despois as preguntas.**Orientacións:** Mediante a lectura do fragmento de dous contos tradicionais queremos que o alumnado reflexione sobre os patróns de conducta que se transmiten e a posibilidade de cambialos.**2** AS PROFESIÓNS**Obxectivo:** Caracterizar a distribución tradicional dos roles profesionais e familiares a partir da análise das ocupacións de diversos membros da familia.**Descrición:** Actividade individual, de busca de información, que será completada cunha actividade grupal de contraste.**Orientacións:** En función dos datos, obteremos unha perspectiva histórica da posible evolución da integración da muller no mercado laboral. Debemos ter presente que quizais non obteñamos unha visión de progresión, pero isto non debe preocuparnos xa que o que pretendemos é ter a plasmación da situación actual e o traballo de superación de prexuízos e estereotipos a partir da mesma.**3** ¿QUEN FAI QUE?**Obxectivo:** Estudiar o reparto efectivo das tarefas do fogar entre os membros da familia.**Descrición:** Actividade de carácter grupal que se levará a cabo en forma de xogo de mímica ou xogo de rol. A información obtida integrarase nun enreixado de observación que servirá para a análise posterior.**Orientacións:** O xogo de rol daranos a coñecer a situación real do alumnado con relación ó tema e permitíranos, polo tanto, enfocar mellor o traballo. Podemos dividir a alumnos e alumnas en grupos de catro. Cada grupo simulará que é unha familia e representará perante o resto da clase un día calquera da vida desa familia. Pode completarse o cadro con outras tarefas. Despois pódese levar a cabo unha actividade matemática que permita mostrar graficamente os datos, por exemplo cun gráfico de barras.**4** ¿XOGAMOS?**Obxectivos:** Recoñecer as relacións que se establecen entre os membros do grupo para comprobar se, realmente, responden a preferencias por razón de sexo. Observar se hai ou non diferencias entre os xogos dos nenos e das nenas e, en caso positivo, reflexionar sobre os motivos.**Descrición:** Elaboraremos un sociograma do grupo clase a partir das preferencias de xogos e persoas coas que compartilos. Cada alumno o alumna debe anotar as súas preferencias no cadro (que pode ser trasladado ó taboleiro). Segundo os resultados, preséntase a batería de preguntas.**Orientacións:** A partir do sociograma e das preguntas animaremos á reflexión sobre as relacións entre os membros femininos e masculinos da clase.

---

## 5 ¿QUEN É QUEN?

**Obxectivo:** Analizar as interpretacións que se levan a cabo, a partir da lectura dun texto neutro.

**Descrición:** Pediráselle ó alumnado que atribúa ós protagonistas de cada texto unha identidade, masculina ou feminina, e que xustifiquen a súa elección.

**Orientacións:** Se se producen as asociacións tradicionais, pódese recorrer a personaxes que rompan cos estereotipos. Pode completarse a actividade con comentarios sobre a proxección profesional do alumnado.

---

## 6 UN DÍA CALQUERA

**Obxectivo:** Introducir ó alumnado nun contexto alleo no cal tamén se produce desigualdade de oportunidades debida ó sexo.

**Descrición:** Preséntase unha actividade de interpretación de imaxes na que o alumnado deberá atribuír unha identidade ó personaxe activo, así como relatar o que sucede en cada escena.

**Orientacións:** Posiblemente o alumnado non teña suficiente información para identificar a realidade da banda deseñada. Recoméndase que se ofrezca información ou que se promova a súa busca. Ó final, pódense establecer paralelismos coa nosa propia realidade, pero tendo en conta que noutros países o incumprimento dos dereitos humanos é moito máis flagrante que no noso.

---

## 7 SABÍAS QUE...

**Obxectivos:** Sintetizar o traballo realizado neste monográfico.  
Potenciar actitudes críticas fronte a situacións de desigualdade debidas ó sexo.

**Descrición:** Trátase dunha actividade resumo de todos os aspectos traballados. Ademais, permítenos iniciar ó alumnado en actuacións coherentes e críticas. Proporémoslle ó alumnado a elaboración colectiva dun collage xigante de imaxes e informacións. Finalmente, trátase de potenciar a necesidade e o interese por dar a coñecer o que descubriron e esixirles ás persoas adultas solucións fronte a situacións de desigualdade de oportunidades.

**Orientacións:** O profesorado debe ir recordando ó alumnado os aspectos traballados. Proponse tamén a busca de máis información que permita obter unha imaxe mundial da situación.

---

## G L O S A R I O

### DIMENSIÓN DO XÉNERO

En calquera situación, aspecto relativo ás diferencias nas vidas do home e da muller debidas ós roles que tradicionalmente se lles asignou.

### EQUIDADE ENTRE HOMES E MULLERES

Imparcialidade no trato a homes e mulleres. Pode tratarse de igualdade no trato ou dun trato diferente, pero que se considera equivalente en termos de dereitos, beneficios, obrigas e oportunidades.

### IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Ausencia de toda barreira sexista para a participación económica, política e social.

## SON... E QÚSTAME...

Imaxina que queres explicarlle a alguén que non te coñece cómo es.

Escolle un personaxe e escribe nos globos as cousas que che gustan.

AMIZADE

DEPORTES

XOGUETES

DEPORTES

XOGUETES

AMIZADE



# 1 CŌNTAME UN CONTO

Le atentamente os seguintes textos:

"Unha vez, unha ratiña, varrendo a escaleiriña, uns cartiños atopou. ¡Que sorte teño!, pensou. Como era moi presumida, xa comezou a cavilar qué podía mercar. ¿Mercaría un mandil ou unhas medias de cristal? ¿Zapatos? ¿Ou mellor unhas luvas? ¿Un bolso de plexiglás? — Algo que me faga atraente, por se me sae un pretendente. Xa sei — dixo gozosa ¡Un lazo de cor rosa!" (A rata presumida)




"Nun país moi lonxano, vivían os seus habitantes sufrindo o trato inhumano de dous ferozes xigantes. (...) Mentres, un tal xastriño, que cosía no seu taller, dispúñase a comer o seu pan, con rico marmelo... (...) E ó nacer o novo día, o xastre emprendeu o camiño. Desexándolle un bo sino o pobo despedíase:

¡ Xastriño, boa sorte! ¡Que ós xigantes deas morte! ¡Que volvas vivo e triunfante! E só, seguiu adiante. Do exército a axuda non quixo; nin un escuadrón. Do seu valor non había dúbida. Por única arma, o zurrón e dentro, algo alimenticio e as cousas do seu oficio. Arriscada era a acción" (O xastriño valente)

Podedes discutir entre todos:

¿Que características teñen os personaxes dos dous contos? ¿Se foses a ratiña, ¿que te mercarías cos cartos atopados? ¿Se foses o xastre, enfrentaríaste ós xigantes? E a ratiña, ¿poderíase enfrentar ós xigantes? ¿Por que? E o xastriño, ¿cres que se mercaría un lazo de cor rosa para atopar noiva? ¿Por que?

# 2 AS PROFESIÓNS



## 3

# ¿QUEN FAI QUE?

Observa as representacións dos teus compañeiros e compañeiras e enche o seguinte cadro:

	Tu	El	Ela	Ti
Prepara o almorzo				
Fai a cama				
Fai a compra				
Prepara a comida				
Lava a roupa				
Coida a mascota				
Frega os pratos				
Pon a mesa				
Varre				
Prepara a cea				
.....				

¿Están ben repartidas as tarefas?

¿Que outras conclusións se che ocorren?

## 4

# ¿XOGAMOS?

¿Queres xogar comigo?... pero, ¿a que xogamos? Decídeo. Tes que escoller a un compañeiro ou unha compañeira da túa clase e dicir en voz alta a que che gustaría xogar con el ou con ela.

¿Cantos rapaces elixiron a rapazas?

¿Cantos rapaces elixiron a rapazas?

¿Cantas rapazas elixiron a rapaces?

¿Cantos rapaces elixiron a rapaces?

¿Pensas que os rapaces e as rapazas podedes xogar xuntos a todos os vosos xogos? ¿Por que?

# S ¿QUEN É QUEN?

Hai cinco anos que traballo nunha perruquería. Gústame moito o meu traballo porque coñezo a moita xente e ocúpome de que os seu cabelo estea san e fermoso. Ás veces o traballo é un pouco pesado porque paso moitas horas de pé e os sábados tamén traballo."

¿É un home ou unha muller?  
que?



"A min gústame moito a montaña e dedícome á escalada. Permíteme estar en contacto constante coa natureza. Pero fai falta unha boa forma física para poder escalar e iso require moito exercicio e unha dieta saudable"

¿É un home ou unha muller?  
¿Por que?

E a ti ¿que che gustaría ser de maior?  
¿Que precisas para chegar a selo?

# 6 UN DÍA CALQUERA

Observa os debuxos e escribe debaixo de cada viñeta o que ocorre.



Blank space for writing.



Blank space for writing.



Blank space for writing.



Blank space for writing.



Blank space for writing.



Blank space for writing.



Blank space for writing.



Blank space for writing.



Blank space for writing.

## 7 SABÍAS QUE...

100 millóns de nenos no mundo non van á escola primaria

¡Destes 100 millóns de nenos, 60 millóns son nenas!

No mundo hai 960 millóns de persoas adultas analfabetas  
¡Máis de 2/3 son mulleres!

Fonte: ISM (Internacional Socialista da Muller) cinco anos despois da conferencia mundial sobre educación para todos. Jomtien, 1990

Elaborede un manifesto entre toda a clase:

Somos a clase de .....

de .....

Despois de ter coñecido a situación das nenas e as mulleres no mundo, pensamos que:

E cremos que se debe:

Sinatura